



O Bipartito mantén o abandono do turismo en Cuntis

O turismo é un sector estratéxico para o desenvolvemento socioeconómico no noso municipio. Lonxe de avanzar cara a un plan de promoción turística de Cuntis, o actual goberno municipal anulou o pouco que había. Cuntis carece de punto de información turística, persoal especializado, material de difusión, sinalización, oferta de actividades...

Cuntis, 17 de xuño de 2016. O turismo é un sector de referencia para a economía local do noso municipio. Difundir os nosos recursos e atraer visitantes debera ser unha prioridade para calquera Goberno comprometido co desenvolvemento económico dunha vila como Cuntis. Os recursos que posuímos gardan un potencial para a creación de riqueza que non se pode desprezar. Existe consenso en que este sector é indispensable para imaxinar posibilidades de futuro nun concello no que as oportunidades non son moitas.

Inmersos xa na tempada estival, chama poderosamente a atención como Cuntis **non dispón dun/ha traballador/a específico para a realización das funcións de información turística**, tal e como viña sendo ata agora por medio das bolsas da Deputación de Pontevedra das que si dispoñen outros municipios. Non é doado entender como **o Goberno Bipartito asume con naturalidade e en silencio que a Deputación (gobernada polos seus mesmos partidos, PSOE e BNG) exclúa a Cuntis deste servizo**. De seguro que haberá unha razón convincente, polo que **instamos ao Alcalde a explicala publicamente**.

O abandono da área de Turismo segue a ser unha realidade nun municipio que depende tanto del como é Cuntis. O bipartito continuísta non achegou novidade ningunha a respecto da inacción da lexislatura pasada, por non dicir que **incluso anulou a moi deficiente promoción turística que había**. Un dos casos máis chamativos é **o abandono da páxina web www.turismodecuntis.es, que leva máis dun ano sen actualizar** pero que segue a estar activa na rede. Indigna tamén **a inexistencia dun punto ou oficina de información turística debidamente acondicionada**. A referencia para os visitantes é a Biblioteca Municipal na que, ao carecer de persoal específico, os/as visitantes que alí acoden teñen que ser atendidos polo encargado da Biblioteca, cuxa función non é atender este servizo. **Cuntis non dispón de folletos turísticos actualizados**, os que hai resultan incompletos e nin tan sequera existe coordinación cos distintos establecementos para a súa difusión. Tamén se bota en falta a presenza de Cuntis noutros puntos de información turística do País. No referente a infraestruturas, ademais da impresentable carencia de puntos tanto físicos como virtuais de información, **resulta lamentable igualmente a inexistencia dunha sinalización homoxénea e actualizada que ofrezca unha descrición dos recursos patrimoniais máis importantes**: castros, petroglifos, burgas, etc.

O Concello de Cuntis carece, en definitiva, dun plan de acción turística que poida non só difundir e promocionar todo o atractivo existente, senón que tamén xere riqueza mediante a atracción de visitantes, a oferta de actividades e o aloxamento aquí de distintos tipos de usuarios/as. Cuntis dispón dunha oferta unicamente contemplativa, e o goberno municipal amósase incapaz de ofrecer actividade participativa para o/a visitante. O bipartito non fixo absolutamente nada neste primeiro ano de lexislatura para elaborar unha estratexia de promoción turística para Cuntis. Estamos **a perder a oportunidade de aproveitar o turismo como fonte de riqueza debido ao abandono desta área que tanto o anterior goberno coma este teñen decretado**.